



## Concello de Sarria

### PROPOSTA DE ALCALDÍA

Que para o mellor estudio e preparación dos asuntos que han de someterse ó Concello Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno e os Concelleiros que ostentes delegacións, e de conformidade co previsto nos artigos 8 a 18 Regulamento Orgánico de Funcionamento do Pleno, nos artigos 20.c) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, 66, 67 e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 123 e seguintes do ROF, propónse a relación das seguintes comisións informativas permanentes:

#### COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Estará composta, seguindo os criterios de proporcionalidade (1 representante por cada dous concelleiros), por 3 representantes do Grupo CCS, 2 representantes do Grupo PP, un representante do Grupo PSdeG-PSOE, un representante do BNG.

O Alcalde é o Presidente de dita Comisión.

A esta Comisión correspóndelle o exame, estudo e ditame de tódalas contas, orzamentarias e extraorzamentarias que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidades das entidades locais, e actuará como comisión informativa permanente para asuntos relativos á economía e facenda da Entidade.

As sesións desta comisión celebraranse o luns da semana anterior á data de celebración das sesións ordinarias do Concello Pleno, ás 13:30.

O seu funcionamento ven regulado nos artigos 8 a 18 Regulamento Orgánico de Funcionamento do Pleno.

#### COMISIÓN PARA ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS DO PLENO.

Estará composta, seguindo os criterios de proporcionalidade (1 representante por cada dous concelleiros), por 3 representantes do Grupo CCS, 2 representantes do Grupo PP, un representante do Grupo PSdeG-PSOE, un representante do BNG.

O Alcalde é o Presidente de dita Comisión.

Este órgano ten por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que se sometan a decisión do Pleno e da Xunta de Goberno cando actúe con competencias delegadas do Pleno.

Igualmente informará aqueles asuntos da competencia da Xunta de Goberno e do Alcalde, que lle sexan sometidos o seu coñecemento por expresa decisión daqueles.





## Concello de Sarria

---

Así mesmo actuará como órgano de seguimento da xestión do Alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos Concelleiros que ostentes delegacións, sen prexuízo das competencias de control que correspondente ó Pleno.

As sesións desta comisión celebraranse o luns da semana anterior á data de celebración das sesións ordinarias do Concello Pleno, ás 14:00 horas.

O seu funcionamento ven regulado nos artigos 8 a 18 Regulamento Orgánico de Funcionamento do Pleno.

Sarria xullo de 2023

O ALCALDE

Don Claudio Melquiades Garrido Martínez

